



Código: 110124

Asunto: Inscripción Asociación 4.410 /1ª

No día de hoxe a Delegada Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais dictou a seguinte resolución:

Examinada a solicitude formulada pola Entidade denominada **ASOCIACIÓN "PARKINSON GALICIA", da Coruña** para que sexa inscrita nos Rexistros Públicos correspondentes e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Primeiro: Que os seus fins veñen determinados no artigo 9 dos Estatutos.

Segundo: Que o ámbito territorial de actuación comprende a Comunidade Autónoma de Galicia e que o seu domicilio social fisaxe en Rúa Durán Loriga, nº 9-4º F (A Coruña)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei 191/1964, do 24 de decembro de Asociacións en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que a Entidade atópase incluída no ámbito de aplicación da Lei de Asociacións e que nos seus Estatutos e no resto da documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos recollidos nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Inscribi-la Entidade denominada **ASOCIACIÓN "PARKINSON GALICIA", da Coruña** e visa-los seus Estatutos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

..!..

O que lle comunico a Vd. como representante da Entidade, significándolle que á mesma correspóndelle o número 4.410 na Sección Primeira do Rexistro Provincial de Asociacións.

O exemplar dos Estatutos debidamente visado e o Acta Fundacional selada da Entidade, poderán recolle-los nesta Delegación Provincial, sita en Fernando Macías, nº 18-1º, de 9 a 14 horas tódolos días da semana, excepto os sábados, previo pago da taxa vixente, 1.195 pesetas, mediante transferencia bancaria, debendo emprega-lo impreso que se xunta (acompañábase tamén relación de entidades bancarias colaboradoras).

No suposto de non retiralos persoalmente e si o envío do resgardo da transferencia realizase por Correo, se lle remitirá a documentación polo mesmo medio.

Por último, informolle que tamén poderán entregarse a outra persoa provista de autorización asinada por vostede.

A Coruña, 2 de decembro de 1996
O SECRETARIO PROVINCIAL

Asdo.: Carlos Martul Alvarez de Neyra

D. MANUEL ROMERO RODRÍGUEZ
JUANA DE VEGA N°6-8ºC
A CORUÑA